



O R.D. 1497/87 sobre directrices xerais de planos de estudio establece no seu artigo 6.2 o seguinte:

"... Aún en los casos de continuación, de los mismos o diferentes estudios que se vengan cursando, con los correspondientes al segundo ciclo, en la misma o diferente universidad, con o sin complementos de formación, la obtención del título oficial de Licenciado o Ingeniero exigirá la superación de un mínimo de 300 créditos..."

Para a aplicación da norma do R.D. citado, a Resolución Rectoral do 14 de novembro de 1996 establece no parágrafo segundo do seu único punto o seguinte:

"... Non obstante, se se validaran materias do segundo ciclo por telas cursado no primeiro ciclo, o alumno deberá cursar tantos créditos complementarios en materias optativas do segundo ciclo como créditos lle foran validados. De non ter créditos suficientes o centro determinará as materias complementarias que deberá cursar."

Ós alumnos que tendo superados os estudos de Licenciado en Dereito accedan ó segundo ciclo dos estudos de Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración do plano 1999 vánselle considerar superados os 180 créditos correspondentes ó 1º ciclo dos 300 que se requiren para acadar a licenciatura, sempre que tivesen superadas as materias optativas da titulación de Dereito.

Logo do informe do Centro, os alumnos procedentes da titulación de Dereito da USC que acceden ó 2º ciclo da titulación de Ciencias Políticas e da Administración teñen cursado, no primeiro ciclo de Dereito, as materias de Facenda pública que se valida pola materia, do segundo ciclo de Ciencias Políticas, Facenda Pública e maila materia Dereito Administrativo I que xunto coa materia Dereito Administrativo II (do segundo ciclo) válídanse pola materia do 2º ciclo de Políticas Dereito Administrativo de 12 créditos.

O segundo ciclo de Ciencias Políticas e da Administración consta de 120 créditos, se os alumnos que proceden do primeiro ciclo de Dereito optaran pola validación das citadas materias só cursarían 108 créditos, xa que as materias Facenda Pública e Dereito Administrativo I estarían sendo recoñecidas dobremente, por unha banda por ser materias dunha titulación de acceso ó segundo ciclo de Ciencias Políticas e da Administración e, por outra, polo recoñecemento de validación por materias do segundo ciclo da titulación á que acceden.

Á vista do anterior é preciso establecer os créditos complementarios que os alumnos deben cursar como consecuencia desta validación .

Por todo o exposto este Rectorado resolveu:

PRIMEIRO.- Os alumnos que accedan ó segundo ciclo dos estudos de Ciencias Políticas e da Administración, plano 1999, por acreditar ter superado o primeiro ciclo dos estudos de Dereito, deberán cursar materias optativas nos seguintes supostos:

- a) Pola validación da materia Facenda Pública deberan superar 6 créditos en materias optativas.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- b) Pola validación da materia Dereito Administrativo (12 créditos) os alumnos deberán ter superadas as materias: Dereito Administrativo I (1º ciclo) e Dereito Administrativo II (2º ciclo), da titulación de Dereito. Polo que tendo en conta que a dobre validación só afecta á materia cursada no primeiro ciclo, os alumnos que validan a materia de Dereito Administrativo (12 créditos) do segundo ciclo de Políticas deberán cursar 6 créditos optativos correspondentes ó equivalente da materia de Dereito Administrativo I xa validada no 1º ciclo.
- c) Se non tiveran superadas todas ou algunha das materias optativas da Licenciatura de Dereito:

Deberán superar 5,5 créditos en materias optativas por cada materia non superada.

SEGUNDO.- Alumnos doutras universidades.

Os alumnos que procedan doutras Universidades deberán achegar certificación do primeiro ciclo dos estudos de Dereito na que se indique o número de créditos cursados, xa sexa de planos renovados ou non renovados.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2003

O RECTOR,

Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL
SR. VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO
SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR
SRA. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN
ACADÉMICA